

1



Ollos abertos

Un mundo marabilloso

O mundo no que vivimos é marabilloso. Encántame a natureza e apaixóname os animais.

Gustariame descubrir e coñecer os seus segredos

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> As galaxias e os astros. | <input type="checkbox"/> Os paxaros e os peixes. |
| <input type="checkbox"/> Os montes e as rocas. | <input type="checkbox"/> As bestas e as feras. |
| <input type="checkbox"/> Os bosques e as selvas. | <input type="checkbox"/> Os átomos e as moléculas. |
| <input type="checkbox"/> Os mares e os ríos. | <input type="checkbox"/> Os animais domésticos. |
| <input type="checkbox"/> As plantas e as flores. | <input type="checkbox"/> Os... |

► Asigna un número do 1 ao 10 a cada un dos elementos desta lista comezando polos que máis che gustan. Explica despois por que fixeches esa elección.

**O mundo é un gran regalo para todos.
Todos debemos amalo e coidaloo.**



Mirada penetrante

A grandeza do ser humano

Son bonitos os animais, as plantas, a natureza. Pero máis fermoso é o ser humano

O ser humano é grande:

■ Pola súa intelixencia

Conseguíu grandes avances. Sinala algúns:

Na medicina

Na informática

Nos transportes

Na vida cotiá

¿Cales che parecen máis marabillosos? ¿Por qué?


■ Pola súa capacidade de amar

¿Coñeces algunha persoa que faga cousas en favor dos demás?

¿Que admirás máis nela?

■ Sobre todo, pola súa liberdade e responsabilidade

A liberdade e a responsabilidade é o que máis nos distingue dos animais. ¿Por que? ¿En que se nota?





Oídos atentos

Somos importantes para Deus

Todo canto existe é obra de Deus, as cousas visibles e as invisibles.

Todo tén nel a súa orixe e o seu comezo.

■ 1

Deus creou todo libremente e por amor. Desexa comunicar a outros seres a súa vida e a súa felicidade.

Ao contemplar as obras da creación, proclamamos que Deus, o seu Creador, é bo e sabio, grande e poderoso.

■

- *Mira para o ceo e para a terra... e recoñece que Deus fixo todo isto da nada.*
(2 Mac 7,28)
- *E víu Deus que era bo..., moi bo.* (Xén 1,4.10.12.18.21.31)

■ 2

O ser humano foi creado para ser amigo de Deus, para vivir en alianza de amor con El. Por iso é capaz de coñecelo, de gabalo e darlle grazas.

- *Por pouco non o fixeches coma os anxos, coroáchelo de honor e dignidade, décheslle mando sobre as obras das túas mans, puxéchelo todo aos seus pés.*
(Sal 8,5-7)




■ 3

Deus puxo ao ser humano no mundo para que sexa feliz gozando das cousas, amando as persoas e vivindo en amizade con El. Así o conta a Biblia, usando comparacións moi bonitas:

- *O Señor Deus plantou un xardín no Edén... Fixo xermolar da terra árbores fermosas de ver e boas para comer... Estableceu o home no xardín do Edén, para que o traballase e o coidase.*
(Xén 2,8-9.15)
- *O Señor camiñaba polo xardín ao aire do día.* (Xén 3,8).





► Subliña o verdadeiro:

- ¿Deus creou todo ou algunas cousas?
- ¿Deus creou todo por amor ou por interese?
- ¿Deus creou todo libremente ou por obriga?
- ¿Deus creou todo para o seu ben ou para a felicidade dos humanos?

► Responde: ¿Como quere Deus que vivamos para ser felices?



Memoria esperta

Somos importantes para Deus

Os seres humanos somos moi importantes para Deus. Debemos recordar sempre o que El fixo por nós. Así nolo ensina a Igrexa.

- | | |
|---|---|
| <p>■ ¿Que quere dicir que Deus creou o ceo e a terra?</p> | <p>■ ¿Para quen creou Deus Pai todas as cousas?</p> |
| <p>■ ¿Por que creou Deus o mundo?</p> | |



Mans activas

Elixir segundo o plan de Deus

O ser humano, porque é libre, pode escoller dous camiños: vivir segundo o desexo de Deus ou xustamente ao revés, rexeitando o seu plan.



Contra o plan de Deus

En afastamento de Deus

- []
- Non se relaciona con El.
- Non o obedece.

En contra de si mesmo

- Está descontento de si mesmo e non se acepta.
- []
- Non é capaz de portarse como quixera.

En división cos irmáns

- []
- Trátaos mal e oféndeos.
- []

En ruptura coa natureza

- []
- Úsaa con egoísmo.
- []

Segundo o plan de Deus

En amizade con Deus

- []
- Tén trato e comunícase con El.
- []

En paz consigo mesmo

- Acéptase como é.
- Agradécelle a Deus as súas calidades.
- []

En comuñón cos irmáns

- []
- Trátaos con agarimo.
- []

En harmonía coa natureza

- Trátaa con delicadeza.
- []
- Faina máis fermosa e axúdalle a progresar.

► Repasamos estas dúas columnas centrándonos en nós mesmos:

- ¿Cómo me comporto eu? ¿Fágoo segundo o plan de Deus ou en contra del?
- ¿En que cousas me porto ben? ¿En cales debo mellorar?